REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA
A CORUÑA

ENTRADA 39907 / RX 731409 Data 18/03/2016 12:32:41

Servizo de Conservación da Natureza
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Praza Luis Seoane, s/n. Edificio Servicios Múltiples-Monelos
15008 - A Coruña

D. Óscar Rivas López con DNI , en nome e representación da Sociedade Galega de Ornitoloxía (en adiante SGO), e en relación coa próxima celebración do "VI Costa-Trail de Oleiros Seixo Branco", **EXPÓN**:

PRIMEIRO. O vindeiro 3 de abril está prevista a sexta edición do "Costa-Trail de Oleiros Seixo Branco", carreira pedestre de montaña organizada pola Sociedade de Montaña Ártabros coa colaboración do Club Atletismo Sada e do Concello de Oleiros (mais información en artabros.org/wp-content/uploads/2016/02/REGLAMENTO-VI-Costa-Trail-Oleiros-1.pdf).

Esta proba atravesa de oeste a leste a ZEC Costa de Dexo, considerado ademais Monumento Natural ao abeiro do Decreto 101/2000, do 31 de marzo, polo que se declara Monumento Natural a Costa de Dexo.

SEGUNDO. Nas anteriores edicións a SGO solicitou modificacións do trazado polo posible impacto da competición sobre unha colonia de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* e un niño de falcón peregrino *Falco peregrinus*, sendo atendida no caso da primeira especie na primeira edición (ano 2011) e no relativo ao falcón peregrino no ano 2013.

TERCEIRO. O corvo mariño cristado é unha especie En Perigo de Extinción en España dacordo co coñecemento científico dispoñible e así documentado no Libro Rojo de las Aves de España (Velando e Álvarez, 2004) e no censo estatal da especie (Álvarez e Velando, 2007). En Galicia a especie está catalogada como Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, se ben baixo criterios científicos debería ser considerada en Perigo de Extinción ou incluso En Perigo Crítico (Munilla e Velando, 2008) en base á súa tendencia poboacional nos derradeiros anos.

Segundo o citado censo nacional, a poboación galega da especie no ano 2007 ascendía a 1.264 parellas, das que 35 se localizarían na Costa de Dexo. Non entanto, debe terse en conta que a tendencia a nivel galego dende 2007 continúa a ser decrecente (debido fundamente ao forte declive no Parque Nacional das Illas Atlánticas), mentres que a poboación da Costa de Dexo experimentou un forte incremento: no ano 2015 censáronse 101 pp neste espazo protexido (datos inéditos), o que suporía aproximadamente o 10% da poboación galega de corvo mariño cristado. Esta situación confírelle á Costa de Dexo o status de principal núcleo reprodutor da especie na costa continental da Península Ibérica.

Sociedade Galega de Ornitoloxía
Apdo. 581 15780- Santiago de Compostela
sgosgo@sgosgo.org

A poboación oleirense estrutúrase fundamentalmente en dous núcleos de cría situados no entorno do porto de Dexo e no cabo de Mera (ademais de pequenas colonias ou parellas illadas salpicadas por todo o tramo costeiro). A primeira destas dúas colonias foi a afectada polo Trail en 2011, impoñéndose por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza a prohibición do tránsito da proba polas súas proximidades.

No tocante á colonia do Cabo de Mera, cun total de 60 pp reprodutoras en 2015 (datos inéditos) é a mais importante do espazo e probablemente constitúa por si mesma a principal ou unha das principais colonias continentais da Península.

CUARTO. Na VI edición do Trail prevista para o 3 de abril incluíronse modificacións no trazado con respecto a anos anteriores, aproximándoo a moi pouca distancia da colonia de corvo mariño cristado do cabo de Mera.

Así, a carreira implicaría o tránsito de 350 corredores a escasa distancia dos niños en pleno período reprodutivo (ademais da presenza e posibles molestias durante as labores previas e posteriores de organización). Ademais do propio impacto relacionado coa carrera, salientamos que a súa realización por camiños de nova apertura ou escasamente transitados ata o día de hoxe, pode provocar a súa consolidación e coñecemento, contribuíndo a aumentar o seu uso no futuro e as conseguintes posibles molestias no entorno da colonia.

Salientamos que nun censo realizado o día 13/03/2016 (sen interferir coa colonia e mediante o emprego de óptica axeitada a unha distancia prudencial) detectáronse 45 niños activos, con un número importante deles en aparente incubación e incluso coa presenza de pitos de poucos días, polo que debe evitarse calquera molestia innecesaria nestas datas críticas e considerado o status de especie ameazada e catalogada do corvo mariño cristado.

Debe terse tamén en conta que ademais do Trail do día 3 de abril está convocado pola organización e incluso coa participación de patrocinadores, un adestramento polo mesmo trazado, polo que na práctica realizaranse dous Trails nun período de quince días.

QUINTO. Co obxecto de facilitar o transcurso da carreira polo novo tramo entre a urbanización de Punta Bufadoiro e a península de Montemeán (entorno do cabo de Mera), procedeuse á apertura e desbroce de novos sendeiros dentro do espazo protexido e afectando a áreas categorizadas como Hábitat de Interese Comunitario 4030, tal e como se pode apreciar sobre o terreo e nos comentarios dos responsables do Trail nun foro público de internet ("*en dirección al Faro de Mera por unos nuevos y espectaculares "caminos" que hemos estado abriendo*", http://goo.gl/GEy6cu consultado o 14/03/2016).

Ademais do impacto sobre o hábitat salientamos o feito de que o entorno do cabo de Mera presenta un elevado impacto derivado da presenza de *Helichrysum petiolare*, especie que malia non formar parte do Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras presenta un elevado potencial invasor en hábitats costeiros de Galicia, afectando sensiblemente a matogueiras costeiras das ZEC Costa Ártabra e Costa de Dexo (Fagúndez e Barrada, 2007). Neste caso, no entorno do faro de Mera está a presentar un elevado desenvolvemento favorecida pola compactación do solo e apertura de vías e sendeiros que actúan como liñas de penetración nos hábitats naturais. A apertura do citado sendeiro pode polo tanto afondar nesta problemática e contribuír á súa expansión.



Imaxe 2. Elevado desenvolvemento de Helichrysum petiolare *en camiños abertos no entorno do faro de Mera.*

SEXTO. O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia indica no seu artigo 61.3, relativo á Normativa Xeral aplicable ao uso público e actividades deportivas nos espazos Rede Natura:

- Será autorizable “A realización de actividades de carácter deportivo, sociocultural e recreativo que se desenvolvan ao aire libre fóra das áreas, infraestruturas ou equipamentos establecidos para o uso público, sempre e cando non leven consigo afeccións apreciables sobre o estado de conservación dos hábitats ou das especies de flora e fauna silvestre” (Punto f.1º)

- O desenvolvemento de competicións, concentracións, e demais actividades e eventos deportivos ou recreativos organizados de xeito colectivo, precisará de autorización expresa do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza, que á vista da solicitude poderá fixar condicións específicas para a súa realización ou, no seu caso, a súa prohibición cando poida afectar de forma apreciable ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos hábitats das especies de interese para a conservación (Punto f.3º.i)

- Requirirán tamén autorización expresa calquera tipo de sinalización, a excepción das establecidas en áreas urbanas e núcleos rurais que se rexerán pola normativa municipal correspondente, das recollidas nas normativas sectoriais, e das que poidan establecer os órganos competentes no mantemento das súas correspondentes infraestruturas (Punto f.3º.xii). Neste aspecto salientamos que dende o inicio deste Trail é habitual a instalación de sinalizacións indicativas do trazado de vocación permanente (permanecen actualmente instaladas sinais de anos anteriores), consistentes en carteis con forma de flecha vermella e a inscrición “CTO” grapadas a árbores ou outros elementos.

SÉTIMO. Ademais dos impactos previsibles no entorno do faro de Mera sobre a colonia de corvo mariño cristado e sobre os hábitats de interese comunitario, destacamos adicionalmente os dous seguintes aspectos:

- Dende a primeira edición do Trail no ano 2011 este ven afectando os parapetos e murallas do castro de Punta Roza (código GA15058001), con evidentes signos de erosión nas zonas atravesadas e nas que a consolidación de camiños de paso favorece o seu uso continuado por parte de corredores, ciclistas e incluso quads ou motocicletas.

-



Imaxe 3. Erosión nun dos parapetos defensivos do Castro de Punta Roza.

Polo tanto, **CONSIDERANDO** que ao abeiro do exposto a realización do Trail polo trazado proposto pode provocar impactos sobre os valores de conservación do ZEC e Monumento Natural Costa de Dexo, e nomeadamente molestias inxustificadas en época de cría nunha das principais colonias a nivel estatal de corvo mariño cristado, especie en perigo de extinción e incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas,

CONSIDERANDO que as carreiras de montaña son unha actividade deportiva sostible e compatible coa conservación do medio e dos espazos naturais protexidos pero que, segundo o documento "*Carreras por montaña en Espacios Naturales Protegidos*", elaborado entre outros organismos polo Ministerio de Medio Ambiente e a Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada: "*4- (…)La minimización de impactos ambientales se basa en la adecuada y correcta elección del trazado de la carrera y de la fecha en que se celebra. 5- Las carreras por montaña deberán utilizar preferentemente las sendas y caminos de aceptado tránsito, procurando evitar el campo a través. La erosión y la pérdida de cobertura vegetal es uno de los mayores riesgos potenciales en el desarrollo de carreras por montaña.(…) 10- El desarrollo de carreras por montaña debe desestimarse en los espacios naturales protegidos más sensibles o en algunas zonas de aquellos otros espacios, donde sus condiciones de alto valor ambiental, elevada sensibilidad y fragilidad ecológica (flora, fauna o gea), así lo aconsejen*."

CONSIDERANDO que a Costa de Dexo é un espazo apto para este tipo de actividades polo uso público e vocación existente en determinados tramos costeiros (nos que este tipo de actividade están xustificados e nos que deberían centrarse) pero que noutras áreas con nulo ou moi escaso uso a apertura *ex-profeso* de novas sendas pode contribuír ao aumento e consolidación do tránsito por áreas habitualmente pouco empregadas e por iso sensibles dende o punto de vista ambiental (como é o caso do entorno da colonia de aves mariñas de Mera).

SOLICITA:

1. A actuación da Dirección Xeral de Conservación da Natureza para, no ámbito das súas competencias, modificar o tramo do trazado que afecta á unha das principais colonias de cría de Galicia e da Península Ibérica de corvo mariño cristado, especie en perigo de extinción catalogada como Vulnerable no CGEA. Solicítase a anulación do novo tramo existente entre a urbanización de Punta Bufadoiro e a colonia no cabo de Mera, e que a carreira se axuste ao trazado realizado en anteriores edicións.

2. A actuación da Dirección Xeral de Conservación da Natureza para, no ámbito das súas competencias, a correcta avaliación ambiental da carreira sobre o espazo protexido nos outros aspectos citados: afección solo, hábitats e especies exóticas invasoras no entorno do faro de Mera, afección á nidificación,
afección ao patrimonio histórico (castro de Punta Roza) e apertura de novos camiños en áreas ata agora intransitadas, totalmente distinto do necesario mantemento de camiños tradicionais (nomeadamente e ademais do caso citado, no referente ao camiño aberto a través dunha pequena representación de bosque de ribeira nas coordenadas ED50 29T 555.275/4.805.815, denunciado en escrito de data 25/03/2014, rexistro de entrada 43024/RX257540).

3. A correcta avaliación do impacto ambiental, previamente á súa autorización, do crecente número de carreiras de montaña e actividades deportivas que se están a realizar nos espazos protexidos galegos, para garantir a súa inocuidade sobre o medio e a súa sostibilidade.

4. Ao abeiro do disposto na *Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente*, artigos 31 e 23 da Ley 30/1992, e artigo 24.1 da Constitución Española, ao ser titular de dereitos ou intereses lexítimos que poidan resultar afectados pola resolución do procedemento de referencia, téñase á Sociedade Galega de Ornitoloxía personada no mesmo, solicitando expresamente a consideración de parte interesada, e que se notifiquen cantas actuacións e resolucións se emitan no mesmo, especialmente a resolución que poña fin ao procedemento. Expresamente declárase que esta asociación cumpre cos requisitos para ser considerada parte interesada, ao cumprir co estipulado no artigo 23 da Ley 27/2006,.

Atentamente e a súa disposición, reciba un cordial saúdo.

En Santiago de Compostela, a 15 de marzo de 2016.

D. Óscar Rivas López
Presidente da Sociedade Galega de Ornitoloxía

Sociedade Galega de Ornitoloxia
Apdo. 581 15780- Santiago de Compostela
sgosgo@sgosgo.org

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez, D. e Velando, A. 2007. *El cormorán moñudo en España y Gibraltar. Población en 2006-2007 y método de censo*. SEO/BirdLife. Madrid.

Velando, A e Álvarez, D. 2004. Cormorán moñudo, *Phalacrocorax aristotelis*. En A. Madroño, C. González e J.C. Atienza (eds). *Libro Rojo de las Aves de España*. Dirección General para la Biodiversidad-SEO/Birdlife- Madrid.

Munilla, I. e Velando, A. 2008. *Plan integral de recuperación e conservación das aves mariñas ameazadas de Galicia*. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Santiago de Compostela.

Fagúndez, J. e Barrada, M. 2007. *Plantas Invasoras de Galicia*. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Santiago de Compostela.

Universidade Vigo

DEPARTAMENTO DE ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL
Facultade de Ciencias. Campus Lagoas-Marcosende
E-36310 VIGO- SPAIN

ALBERTO VELANDO RODRIGUEZ, Profesor CD do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo manifesta o seu apoio a solicitude expresada pola Sociedade Galega de Ornitoloxía con data 15 de marzo de 2016 con motivo da celebración do VI Costa-Trail de Oleiros do vindeiro 3 de abril, en relación a:

- Necesidade de modificación do trazado para minimizar as perturbacións na colonia de cría de Corvo Mariño Cristado *Phalacrocorax aristotelis* deste espazo protexido. Esta colonia de cría ten unha alta importancia para a conservación de esta especie ameazada, incluída no Catalogo Galego de Especies Ameazadas como 'Vulnerable' e catalogada como 'En Perigo' seguindo os criterios da IUCN no 'Libro Rojo de las Aves de España' do Ministerio de Medio Ambiente.
- Redución dos posibles impactos sobre os valores de conservación do ZEC e Monumento Natural Costa de Dexo.

En Vigo 16 de Marzo de 2016



Dr Alberto Velando

Departamento de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía
Facultade de Ciencias

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Dr. D. Pedro Galán Regalado, Profesor Titular de Universidade do Departamento de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía da Universidade da Coruña (UDC), en relación co VI Costa-Trail de Oleiros do vindeiro 3 de abril, apoia a solicitude expresada pola Sociedade Galega de Ornitoloxía no seu escrito con data 15 de marzo de 2016, no relativo a:

- Modificación do trazado no referente ao seu paso polo entorno do cabo de Mera, co obxecto de evitar o aumento do uso público (actual e futuro) e molestias no período de cría, no entorno da colonia de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* existente neste punto; tendo en conta o seu status de especie ameazada e catalogada como Vulnerable no CGEA, e a importancia de dita poboación para esta especie nos contextos galego e ibérico.

- A correcta avaliación do trazado da carreira para evitar posibles impactos sobre os valores de conservación do ZEC e Monumento Natural Costa de Dexo.

En A Coruña, a 16 de marzo de 2016



Pedro Galán Regalado

D. Jesús Domínguez Conde, Profesor Titular do Departamento de Zooloxía e Antropoloxía Física da Universidade de Santiago de Compostela, en relación co VI Costa-Trail de Oleiros do vindeiro 3 de abril, apoia a solicitude expresada pola Sociedade Galega de Ornitoloxía no seu escrito con data 15 de marzo de 2016, no relativo a:

- Modificación do trazado no referente ao seu paso polo entorno do cabo de Mera, co obxecto de evitar o aumento do uso público (actual e futuro) e molestias no período de cría, no entorno da colonia de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* existente neste punto; tendo en conta o seu estatus de especie ameazada e catalogada como Vulnerable no CGEA, e a importancia de dita poboación para esta especie nos contextos galego e ibérico.

- A correcta avaliación do trazado da carreira para evitar posibles impactos sobre os valores de conservación do ZEC e Monumento Natural Costa de Dexo.

En Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2016

Jesús Domínguez Conde

SEO/BirdLife
C/ Melquíades Biencinto, 34 - 28053 Madrid
Tel. (+34) 914 340 910
Fax (+34) 914 340 911

Asunción Ruiz Guijosa, mayor de edad, con DNI nº , actuando en nombre y representación de la Sociedad Española de Ornitología (SEO/BirdLife), inscrita en el Registro de Asociaciones con el nº 3.943, y con domicilio en C/ Melquíades Biencinto, 34, 28053 de Madrid, y en relación con el VI Costa-Trail de Oleiros del próximo 3 de abril, apoya la solicitud expresada por la Sociedade Galega de Ornitoloxía en su escrito con fecha 15 de marzo de 2016, en lo relativo a:

- Modificación del trazado en lo referente a su paso por el entorno del Cabo de Mera, con el objeto de evitar el aumento del uso público (actual y futuro) y molestias en el periodo de cría, en el entorno de la colonia de cormorán moñudo *Phalacrocorax aristotelis* existente en este punto; teniendo en cuenta su status de especie amenazada y catalogada como Vulnerable en el Catálogo Galego de Especies Ameazadas, y la importancia de dicha población para esta especie en los contextos gallego e ibérico.

- La correcta evaluación del trazado de la carrera para evitar posibles impactos sobre los valores de conservación del ZEC y Monumento Natural Costa de Dexo.

En Madrid, a 16 de marzo de 2016.

Asunción Ruiz
Directora Ejecutiva

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa de Basquiños 9, baixo - 15704 Santiago de Compostela
www.adega.gal
Tlf e fax: 981570099

D/Dª. Virginia,Rodríguez Álvarez, con D.N.I; en calidade de Presidenta de ADEGA (Asoc. para a Defensa Ecolóxica de Galiza) e en relación co VI Costa-Trail de Oleiros do próximo 3 de abril, apoia a solicitude expresada pola Sociedade Galega de Ornitoloxía no seu escrito con data 15 de marzo de 2016, no relativo a:

- Modificación do trazado ao paso polo entorno do Cabo de Mera, co obxecto de evitar o aumento do uso público (actual e futuro) e molestias no perfiodo de cría, no entorno da colonia de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* existente neste punto; tendo en conta o seu status de especie ameazada e catalogada como Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, e a importancia de dita poboación para esta especie nos contextos galego e ibérico.

- A correcta avaliación do trazado da carreira para evitar posibles impactos sobre os valores de conservación do ZEC e Monumento Natural Costa de Dexo, tanto no eido ambiental como histórico e cultural no relativo ao castro de Punta Roza.

En Santiago de Compostela, a 15 de marzo de 2016

Presidenta de ADEGA

Grupo Naturalista Hábitat

GRUPO NATURALISTA HÁBITAT
Rúa Camariñas, 8. Baixo.
15002, A Coruña. 981 135 014
gnhabitat@yahoo.es ~ www.gnhabitat.org

En A Coruña, a 16 de marzo de 2016.

D. SANTIAGO VÁZQUEZ CASÁS, maior de idade, con DNI: , en calidade de Presidente do Grupo Naturalista Hábitat, ONG dedicada ao estudo, divulgación e conservación do patrimonio natural, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº 2004-7391-1, e en representación da mesma.

EXPOÑO:

Que en relación co VI Costa-Trail de Oleiros do próximo 3 de abril, o Grupo Naturalista Hábitat **apoia** a solicitude expresada pola Sociedade Galega de Ornitoloxía no seu escrito con data 15 de marzo de 2016, no relativo a:

- Modificación do trazado ao paso pola contorna do Cabo de Mera, co obxecto de evitar o aumento do uso público (actual e futuro) e molestias no período de cría, no contorno da colonia de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* existente neste punto; tendo en conta o seu status de especie ameazada e catalogada como Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, e a importancia de dita poboación para esta especie nos contextos galego e ibérico.

- A correcta avaliación do trazado da carreira para evitar posibles impactos sobre os valores de conservación do ZEC e Monumento Natural Costa de Dexo, tanto no eido ambiental como histórico e cultural no relativo ao castro de Punta Roza.

Sen outro particular.

Fdo. Santiago Vázquez Casás.
Presidente do Grupo Naturalista Hábitat



Amigos da Terra

www.amigosdaterra.net
info@amigosdaterra.net

D/Dª. Raquel Fernández Rodríguez, con DNI [redacted] en representación da asociación Amigos da Terra e en relación co VI Costa-Trail de Oleiros do próximo 3 de abril, apoia a solicitude expresada pola Sociedade Galega de Ornitoloxía no seu escrito con data 15 de marzo de 2016, no relativo a:

Modificación do trazado ao paso polo entorno do Cabo de Mera, co obxecto de evitar o aumento do uso público (actual e futuro) e molestias no perïiodo de cría, no entorno da colonia de corvo mariño cristado Phalacrocorax aristotelis existente neste punto; tendo en conta o seu status de especie ameazada e catalogada como Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, e a importancia de dita poboación para esta especie nos contextos galego e ibérico.

A correcta avaliación do trazado da carreira para evitar posibles impactos sobre os valores de conservación do ZEC e Monumento Natural Costa de Dexo, tanto no eido ambiental como histórico e cultural no relativo ao castro de Punta Roza.

En Ourense, a 17 de marzo de 2016

Amigos da Terra
Rúa Bedoia 5 - 2º D - 32004 Ourense
Tel./Fax: 34 988 374318
Info@amigosdaterra.net